



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO

LUGAR: Casa do Concello

DATA: 8 de xaneiro de 2014

HORA DE COMEZO: 13.35 horas

HORA DE REMATE: 14.25 horas

ASISTENTES:

Don Jesús Sanjuás Mera
Don Manuel Mouriño Varela
Don Jesús José Santasmarinas Devesa
Dona Raquel García Fraga
Don Antonio González Barral
Dona María Dolores García Couto
Dona Sonia Rodríguez Midón
Dona Adela Redondo Rendo
Don Jesús Neira Varela
Don Xabier Canabal Fernández
Don Perfecto Barcala Mosquera

AUSENTES:

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o Alcalde don Jesús Sanjuás Mera, reuníronse os Concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola Secretaria dona Elena Suárez Rodríguez, co obxecto de realizar a sesión ordinaria do Pleno que foi convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DÍA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Nomeamento de Tesoureiro**
- 3. Nomeamento Xuíz de Paz titular**
- 4. Información da Alcaldía**
- 5. Rogos e Preguntas.**

DELIBERACIÓNS

1.Aprobación da acta anterior.

O señor Canabal fai as seguintes alegacións á acta da sesión que tivo lugar o 13 de novembro do 2013:

Quixera facer dúas anotacións en canto á acta anterior:

- Na páxina 42, 1º parágrafo, dise que voto a favor do dito pola extrema dereita do PP. E aínda non toleei para dicir tal cousa. Seguro que se comeron algún parágrafo á hora de transcribir o que realmente dixen. O que si fixen mención á sorpresa que me produce que mentres a Extrema Dereita (pilotada polo Ministro de Xustiza), exerce a violencia de Estado (en forma de leis retrógradas e ditadas pola Conferencia Episcopal) o PP faga xogos florais coa declaración institucional presentada. É dicir, por unha parte, o PP exerce de facto a violencia de estado sobre as mulleres, e por outra fai xogos florais presentando unha declaración institucional como a presentada. Mais de aí a dicir que eu vote coa Extrema Dereita, hai un treito.

Neste punto a Secretaria-Interventora di que efectivamente se tivo que confundir na transcripción da exposición do señor Canabal e por isto pide perdón.

- Por outro lado, na páxina 43, conclúese que é o Alcalde o que fai a proposta de retirar os puntos 1º e 3º da moción, máis segundo transcorreu o pleno, se non lembro mal, e tras anunciar que rexeitaban o conxunto da moción tal e como estaba redactada, e ante a insistencia de que pediran o estudo a Lousame, son eu como propoñente o que fago a proposta de transacción para eliminar o punto 1º e 3º da moción. É dicir, o que propón a transacción (eliminación dos puntos 1º e 3º da moción) é o propoñente e o que acepta o Alcalde.

Por último, en canto ás respostas que aparecen na acta entre paréntese, dicir que me parece moi axeitado que certas preguntas se contesten ou se maticen con posterioridade na propia acta. Parece máis operativo que deixalas para unha sesión posterior. Agradécese o xesto.

Acéptanse estas alegacións do señor Canabal e por unanimidade apróbase a acta da sesión que tivo lugar o 13 de novembro do 2013.

2.Nomeamento de Tesoureiro

Con data 31 de maio do ano 2014, xubíbase o actual Tesoureiro municipal don Jesús Buján Varela, polo que é necesario designar un funcionario que cumpra estas funcións. Tendo en conta por un lado que o administrativo de servizos, don Juan Manuel Corral Sánchez, ve diminuídas as súas funcións ao desaparecer o grupo de protección civil por falta de financiamento da Comunidade Autónoma, e por outro a impecable traxectoria laboral deste traballador, tanto no cumprimento das súas funcións como nos coñecementos informáticos que actualmente son imprescindibles para o bo funcionamento contable, e demais tramitacións que se teñen que efectuar co Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, coa Comunidade Autónoma, coa Comisión de Contas e co Tribunal de Contas, propónse a designación deste funcionario como tesoureiro municipal.

A continuación o señor Canabal di o seguinte:

“Neste punto, e antes do seu debate, quixera, se fose posible que a Secretaria contestara a algunhas dúbidas que teño en relación ao asunto tratado. Son as seguintes:

1. Por que se nomea tesoureiro? É un cargo obrigatorio nun concello?
2. Por que o ten que nomear o pleno?
3. Existe algunha diferenza salarial entre o cargo de tesoureiro e o cargo que actualmente desenvolve o funcionario que se propón?
4. Quen exercerá a partires da marcha do Sr. Buján o cargo de secretario/a accidental?

A Secretaria responde que o cargo de Tesoureiro é obrigatorio en todos os concellos. Debe ser nomeado polo Pleno, porque é un clavero xunto co Alcalde e a Intervención e débese dar conta ás entidades bancarias do seu nomeamento para as sinaturas que procedan.

Respecto ao salario do novo tesoureiro, din a Secretaria e o Alcalde que de momento segue mantendo o mesmo.

En canto ao cargo de Secretario - Interventor accidental, segue manténdose o mesmo criterio que ata agora.

Pois unha vez contestadas ás preguntas formuladas, resulta “chusco” que se xustifique a idoneidade dun posto de tesoureiro en que un traballador sabe andar cun ordenador. E certamente, soa aínda máis a brincadeira para quen pasou 5 anos nunha facultade de económicas.

Por outro lado, recoñecer un cambio de funcións posto que as tarefas actuais deste funcionario se verán minguadas unha vez que desapareza o servizo de protección civil, é unha constatación máis que evidente do pouco criterio empregado, sen planificación, dos últimos funcionarios que nomearon. Polo tanto, o que esixo é máis seriedade á hora do nomeamento de funcionarios.

E quede por último claro que todo o que dixen o fago sen ter absolutamente nada en contra do traballador, ao que no plano persoal, lle teño un grande afecto.

Mais polo dito, a elección dun funcionario como tesoureiro merecería unha análise máis profunda dos méritos académicos dos traballadores, para tomar unha decisión, e non un acto de fe como a que se nos propón nesta proposta a alcaldía.

É por iso polo que vou absterme na votación”.

O señor Barcala pregunta que formación ten este traballador e se non hai persoas con coñecementos de economía.

Responde o señor Alcalde que este traballador é a persoa máis idónea para este posto. Neste mesmo sentido pronúnciase a Concelleira Raquel García Fraga.

Sen máis procédese coa votación e cos votos a favor do PP e coa abstención do PSOE e ANOVA acórdase:

- 1- Designar Tesoureiro municipal ó administrativo da Administración Xeral, don Juan Manuel Corral Sánchez, o cal deberá tomar posesión do cargo o 1 de febreiro de 2014.
- 2- Comunicar este acordo ós interesados a fin de que polos mesmos se adopten as medidas necesarias para o cumprimento das funcións en perfectas condicións.

3.Nomeamento Xuíz de Paz titular

Con data 10 outubro 2013, rexistro de entrada 13/1981, recíbese do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, un escrito no cal se indica que estando próximo a vencer o período de vixencia do nomeamento do Xuíz de Paz, é necesario iniciar un novo expediente para proceder novamente coa elección do Xuíz de Paz.

Por Resolución de data 14 de outubro de 2013, iniciouse o expediente e estableceuse un prazo de 15 días, mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia nº 201 do 22 de outubro de 2013, para a presentación das solicitudes.

Durante o citado prazo presentáronse as seguintes:

	Data Presentación	Nº Rexistro	Nome
1 -	Con data 30.10.2013,	Nº de rexistro 2104,	Miguel Vieito Villar
2 -	Con data 20.10.2013,	Nº de rexistro 2108,	Mª Pilar Piñeiro Sánchez
3-	Con data 07.11.2013,	Nº de rexistro 2144,	Antonio Manuel Padín Riveiro
4-	Con data 07.11.2013,	Nº de rexistro 2145,	Pedro Munín Devesa
5-	Con data 07.11.2013,	Nº de rexistro 2153,	Alba Furelos Tojo
6-	Con data 11.11.2013,	Nº de rexistro 2173,	Ana Valtuille Pérez

As solicitudes número, 2104, 2144, 2145, 2153 e 2173 reúnen os requisitos legais esixibles para o nomeamento. A número 2108 carece de certificado de penais, aínda que menciona telo solicitado.

Tendo en conta que, tal como se indica no informe xurídico, o nomeamento debe efectuarse por maioría absoluta, propono que se proceda coa votación dos solicitantes empezando polo primeiro segundo rexistro de entrada e tendo en conta que os concelleiros só poden votar a un solicitante.

O señor Canabal di que neste punto quixera saber se o grupo do PP ten un candidato, e cales son os criterios que empregarán para a súa elección.

Eu non teño elementos suficientes para votar un dos candidatos presentados polo que declino participar na votación.

Responde o señor Alcalde que o criterio é votar a persoa que xa está no cargo, porque nunca tiveron problemas con ela.

O señor Barcala di que é unha persoa que xa está xubilada e deberíase, especialmente nestes momentos, dar a posibilidade de que accedieran outras persoas máis mozas. Ao que responde o señor Alcalde que non se presentaron máis persoas do Concello de Boqueixón e polo tanto manteñen ó mesmo.

O señor Canabal di que se abstén neste punto.

Sen máis, procédese coa votación e cos votos a favor do PP, que supón a maioría absoluta do número legal dos membros da corporación, acórdase:

1. Propoñer a don Pedro Munín Devesa, Xuíz de Paz titular no Concello de Boqueixón.
2. Remitir este acordo ó Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

4. Información da Alcaldía

Dáse conta dos decretos que tiveron lugar desde o 15 de novembro de 2013 ata o 2 de xaneiro de 2014, do que se dan por informados.

5. Rogos e Preguntas

Antes de facer os rogos e preguntas faise entrega das respostas ás preguntas formuladas polo señor Barcala no Pleno ordinario do 13 de novembro de 2013:

“1. En canto ó tanatorio estou a favor pero non que se constrúa na Casa da Cultura.

¿Qué accesos se van facer?

Os accesos son os xa existentes, se ben se van anhear ditas pistas de acceso.

¿Onde se vai instalar o aparcadoiro?

Vaise instalar a carón da Casa da Cultura. Derrubarase un muro existente por detrás da portería do campo de fútbol.

Dita portería retranquearase dous metros.

¿Quén pagará o IBI?,

Non se paga o IBI, posto que os bens de dominio público están exentos do pago do IBI.

A Casa da Cultura de Camporrapado está igualmente exenta do pago do IBI.

2. Na Xunta de Goberno do 7/11/2013 aprobouse a factura por consumo telefónico desde o 18 de setembro ó 18 de outubro do 2013 por importe de 421 €. ¿Non cren que é un pouco excesivo?

O consumo nos últimos anos baixou considerablemente xa que, en anos anteriores estaba aproximadamente en 1000 €/mensuais, sendo o consumo medio no 2012 arredor de 565 €/mes, pasando na actualidade a unha media de 430 €/mes.

¿Cántos teléfonos móbiles ten o Concello?

Na actualidade o Concello conta con 22 liñas de teléfono móbil”.

A continuación o señor Canabal fai as seguintes PREGUNTAS, que o señor Alcalde di que lle responderá por escrito.

1.- Sobre o tanatorio.

Despois de presentar os veciños de Oural, Pousada e Sucira un escrito pedindo unha reunión con vostede, vai a reunirse cos veciños? Por que aínda non respondeu a este escrito?

Está claro que vostede está máis áxil en mandarlle á Garda Civil, que en reunirse cos veciños, escoitalos, presentar o proxecto, etc. Mais esa é a súa obriga. En primeiro diálogo, e non o uso da forza.

Non esqueza as súas obrigas.

Di o señor Alcalde que si lle vai responder a esta pregunta, pois si está disposto a recibir ós veciños no concello e tamén poden consultar o proxecto das obras de acondicionamento parcial da planta baixa da Casa da Cultura de Camporrapado. “Sempre estou disposto a recibir ós veciños no concello, pois adoito estar todos os días”.

2.- Sobre protección civil.

Neste punto quixera facer dous bloques de preguntas:

2.1. Sobre a contratación dos novos membros de protección civil.

Tendo en conta a resposta sobre protección civil feita na acta do pasado pleno, afírmase que a Consellaría de Traballo e Benestar autorizou o emprego de ofertas especiais con vinculación nominal (Páx. 49 da acta). E é verdade tal e como pode verse no expediente de contratación.

Porén, analizando o expediente de contratación a oferta que se fai á Oficina de Emprego de Santiago Norte (24/10/2013) non parece nominal senón xenérica, posto que se piden 9 traballadores técnicos de Protección Civil (Axudantes, Auxiliares e especialistas) e 3 técnicos xefes de equipo que estean desempregados e que sexan de Boqueixón. Sen facer referencia nominativa aos traballadores.

Por último, chama a atención que facendo esta oferta con estes dous criterios, só existan 12 persoas candidatos para o cargo, cando a priori, non parece que se esixan uns coñecementos moi específicos para desenvolver o posto de traballo, e parece obvio, que existen máis de 12 traballadores desempregados e anotados na oficina de emprego que sexan de Boqueixón.

- Pode explicarme como se fixo a oferta, e porque non se fixo nominativa?
- Qué claves específicas emprega a Oficina de Emprego para estes postos de traballo?
- Como os tres novos candidatos aparecen neste listado sen ter nunca desenvolvido as tarefas en Protección Civil?

Non é desconfianza na forma que actúan, mais reconecerán, tal e como expuxen que existe un cúmulo de casualidades difíciles de explicar. Moi difíciles de explicar; se cadra non tanto como as catro veces que lle tocou a lotaría a Fabra. Pero o cúmulo de casualidades é moi grande.

Responde o señor Alcalde o seguinte:

- A oferta si se fixo nominativa (Fíxose a correspondente comprobación do expediente, e constan os nomes de todos os solicitados)
- As claves son xestionadas na propia Oficina Pública de Emprego.
- En canto ós novos candidatos, dous tiñan experiencia no manexo da motobomba e o terceiro era un voluntario en protección civil.

2.2. Análise das sentenzas de protección civil.

Analizadas as tres demandas interpostas por tres traballadores do GRUMIR, e analizados os fallos das sentenzas (dado a que as actas son públicas non porei os nomes dos traballadores) infírese:

- Sentenza 1: Despido improcedente con condena á readmisión ou ben á extinción da relación laboral con abono de XXX €. O concello opta por extinguir a relación laboral e polo pago da indemnización.
- Sentenza 2: Despido improcedente con condena á readmisión ou ben á extinción da relación laboral con abono de XXX €. O concello opta por extinguir a relación laboral e polo pago da indemnización.
- Sentenza 3: Declárase o despido nulo e condena á demandada á readmisión con abono dos salarios de tramitación.

Neste último caso non se admite a indemnización posto que o despido é nulo. Mais tampouco se readmitiu ao traballador anunciando o concello un recurso de suplicación perante a Sala do Social do TSXG.

Porén, o Xulgado do Social número 1 de Santiago non admite o recurso con data 11 de decembro de 2013, fallando dispor ter por non anunciado o recurso de suplicación.

Ante este caso:

- Qué está a facer o Concello?
- Presentouse ou non o recurso de suplicación?
- Readmítese ou non ao traballador? Por qué?
- Se existe recurso de suplicación, pódese ver o seu contido?

Responde o señor Alcalde o seguinte:

- Sí se admitiu e presentou o recurso de suplicación. Auto de 16/12/2013 polo que se acorda ter por anunciado o recurso de suplicación. Xulgado do Social número 1 de Santiago de Compostela.

3.- Sobre o abastecemento de auga.

Tendo en conta que estamos xa no 2014, a concesión do abastecemento de auga parece que segue igual, que non hai avances no tema.

- Van a cumprir o mandato deste pleno para estudar a posibilidade de revogación da concesión de auga, ou cando menos, que se cumpra o contrato e o prego de cláusulas da adxudicación?

Responde o señor Alcalde que “imos facer algo, pois xa falei coa empresa, pero débese ter en conta que no momento da adxudicación xa se indicaba que o concello asumiría o gasto da enerxía eléctrica.

O señor Canabal pregunta si se lle pode entregar copia dos pregos e do contrato, ó que responde o señor Alcalde que si.

4.- Concurso mantemento informático.

Neste caso dúas cuestións:

Primeiro: Faise oferta a 3 empresas (como estipula a lei) e 2 das que convidan a participar denegan a participar, polo que non hai comparación posible posto que só participou unha empresa.

Segundo: A única oferta dispoñible faino por 600 €/mensuais (IVE incluído), cando na actualidade está cobrando 398,05 €.

Preguntas:

- Como se seleccionaron ás empresas? Por qué unha vez que dúas delas non participan no proceso, non se remitiu a oferta a máis empresas tendo en conta que existen multitude de empresas relacionadas co sector?
- Por qué existe a diferenza de máis de 200 €/mes en relación ao que veñen cobrando na actualidade?

Responde o señor Alcalde que ó tratarse dun procedemento negociado sen publicidade por non superar o importe de 60.000 euros (artigo 177.2 da lei de contratos do sector público) solicitáronse tres ofertas a tres empresas capacitadas.

En canto á diferenza nos importes, é debido a que no contrato de mantemento actual só se incluían os ordenadores da casa consistorial e no que agora se adxudicou inclúense todos os ordenadores e sistemas informáticos municipais (aula informática, escola infantil, locais sociais, etc...) Ademais antes non incluía o arranxo das pezas e agora si, sempre que o prezo do arranxo non supere o prezo da adquisición dunha peza nova.

5.- Sobre o informe do lixo da planta de Servia – Lousame.

- Pediu o informe técnico e económico á planta de lixo de Servia – Lousame?
- En caso afirmativo, podemos ter copia del?

Responde o señor Alcalde que si se pediu informe e resulta bastante máis caro, porque ademais hai que cambiar os contedores e este custo debe asumilo o concello.

ROGOS:

1.- Sobre o bacheado da pista en Quián.

Pese ó rogo que se lle dou a esta pista, volve a estar levantada de novo o firme. Rogo que reformen o firme en todo o tramo.

2.- Informe sobre os cupos das licenzas nos núcleos rurais.

Tal e como solicitei nos últimos plenos, interésome de novo por ver se o Concello pediu información sobre este extremo.

O Alcalde ao igual que min sabe que hai interese dalgunha licenza en núcleos coas licenzas “esgotadas”.

Neste punto o señor Alcalde di que neste mesmo día solicitouno a Estudio Técnico Galego e quedaron en facelo.

3.- Rogo sobre os horarios dos plenos.

Pisándolle o máis que seguro rogo do Sr. Barcala, quero solicitar o cambio dos horarios dos plenos para as tardes.

4.- Estado das beiravías e cunetas.

Con motivo dos temporais destes días e da falta de limpeza das cunetas, hai lugares deste concello asolagados porque non circula ben a auga.

Rogo pois que se fagan as labores precisas de limpeza de cunetas e que se arranxen, posto que tamén existen fochas noutras con perigo para o tráfico rodado e de peóns.

O señor Alcalde di que xa se están facendo.

Por último o señor Canabal fai un convite oficial do Concello e di o seguinte:

“Xa para rematar este primeiro pleno do ano, quero facelo cunha bricadeira. Non sei se saben os Concelleiros que teño por costume colgar as convocatorias dos plenos no facebook. É unha forma que atopei de interrelación cos veciños deste concello, que pouco a pouco van achegando máis ideas e propostas sobre os temas a tratar e sobre outros.

E no fondo de todo, somos iso; só iso: Representantes Electos dos veciños nesta Corporación.

E no medio destas propostas chegoume unha ben curiosa, que terei que madurar: Tratábase de que o Concello de Boqueixón fixese un convite formal á Sra. Merkel e ao Borbón (é dicir, ao Rei), para facer sendeirismo polo Pico Sacro.

Aínda non sendo un sitio no que haxa elefantes, a simple concurrencia de tal parella para promocionar o noso monte sagrado, pareceume moi interesante. Reflexionaremos sobre o asunto”.

A continuación o señor Barcala fai os seguintes Rogos e Preguntas:

PREGUNTAS:

No anterior Pleno preguntei cantos teléfonos móbiles ten o concello ó que se me respondeu que ten 22 liñas de teléfono móbil.

¿Non consideran vostedes un número excesivo de liñas de telefonía móbil? ¿Quén dispón de teléfonos móbiles do concello? Poderíame vostede facilitar a lista completa de números e persoas que dispoñen de teléfono móbil e para qué uso se lle asigna?

Responde o señor Alcalde que se reduciron considerablemente tanto en número de móbiles como, sobre todo, en gasto en telefonía móbil.

En canto ó listado de números e persoas que dispoñen de móbil do concello seralle enviado mediante escrito.

ROGOS:

1. Que se cambie o horario dos plenos.
2. Que se solicite a Movistar o incremento de liñas ADSL, na parroquia de Lestedo, posto que os seus veciños demandan urxentemente a súa instalación. Dependen da centraliña de Vedra e parece ser que esta centraliña está completa.
3. Que se constrúa unha nave, un alpendre ou calquera cobertizo para albergar os vehículos e maquinaria do concello. É deplorable ver como está todo dispersado e á auga.
Somos capaces de facilitarlle a unha empresa privada un local para un tanatorio, por unha contía irrisoria e non somos capaces de coidar os bens do concello cunha inversión mínima.
4. Que se limpen as cunetas e se tapen as numerosas fochas das pistas do concello.
5. Que se identifiquen os vehículos do concello co seu correspondente anagrama ou pegatina . Moitos xa viñan con identificación da entidade que os doou. ¿Por qué se lles retirou a rotulación que portaban?

Resposta do señor Alcalde: “Porque as pegatinas e rótulos dos vehículos fóronse deteriorando co transcurso do tempo e por isto decidiuse retiralas.

6. Que se reciba ós veciños de Camporrapado.

O señor Alcalde di que el sempre recibe os veciños, pero no concello, no que sole estar todos os días.

Sen máis, asuntos que tratar, o Presidente remata a sesión e eu redacto a acta como Secretaria.

A Secretaria

Visto e Prace
O Alcalde